

Lugo, 27 de abril de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1048

MEIRA*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEIRA.**

En cumprimento do disposto no artigo 212 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 25 de abril de 2022, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2021, por un prazo de quince (15) días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os que teñan a condición de interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convintes.

Meira, 26 de abril de 2022.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 1049

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DO CONCELLO DE MEIRA.**

O Concello de Meira na sesión do Pleno celebrada o día 25 de abril de 2022, levou a cabo a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

De conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, durante o cal poderán os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na Sede Electrónica do Concello de Meira (<https://meira.sedelectronica.es>).

Se durante dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo inicial.

Meira, 26 de abril de 2022.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 1050

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.**

O Concello de Meira na sesión do Pleno celebrada o día 25 de abril de 2022, levou a cabo a aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

De conformidade co previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, durante o cal poderán os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na Sede Electrónica do Concello de Meira (<https://meira.sedelectronica.es>).

Se durante dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo inicial.

Meira, 26 de abril de 2022.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 1051